

SOCIAIS 5º B

TEMA 4: A POBOACIÓN DE ESPAÑA E DE EUROPA

Ata o de agora estabamos falando da poboación de España e as súas características.

Neste primeiro día de repaso, imos facer un resumo dos termos máis destacados do que levamos visto de tema e da tarefa que tiñamos que facer sobre densidade de poboación.

A poboación en España posúe unha **distribución irregular** producida por **condicións de relevo e clima**.

Podemos dicir pois:

1. *Zonas máis poboadas*: situadas en núcleos urbanos (grandes cidades) e periferias das mesmas, así coma nos arquipélagos. Lugares onde se centran as actividades económicas, grandes industrias e zonas que permiten unha boa comunicación.
2. *Zonas menos poboadas*: situadas en zonas de interior e onde destacan as actividades agrícolas e gandeiras. Normalmente con dificultades de comunicación, zonas de relevo complexas ou climas extremos.

Para poder traballar este tema, debes lembrar que hai unha serie de termos e definicións destacados:

- a) **Poboación absoluta**: número de persoas que viven nun territorio.
- b) **Densidade de poboación**: número de habitantes que hai nunha superficie determinada. Este resultado obtense ao dividir o número de habitantes pola superficie (km²).

Densidade de poboación: n^o de habitantes : superficie (km²)

Por exemplo:



Unha cidade A ten unha superficie de 100 km² e unha poboación de 12.202 habitantes. Para poder saber a densidade de poboación calculariamos a división:

$$12.202:100= 122,02 \text{ hab/km}^2$$

Polo que obtemos que por cada km² hai 122,02 habitantes.


c) **Esperanza de vida:** media de anos de vida dunha poboación.

Para poder realizar os cálculos dos habitantes que temos nunha zona determinada, temos que ter en conta unha serie de circunstancias.

Estes factores eran a natalidade, a mortalidade e as migracións.

Lembra que significan o seguinte:

- **Natalidade:** número de nenos e nenas que nacen nun lugar determinado nun ano.
- **Mortalidade:** número de persoas falecidas nun lugar determinado nun ano.
- **Migracións:** movementos que realizan as persoas nun territorio, xa sexa de chegada doutros lugares (*inmigrantes*) ou de saída (*emigrantes*).



Para poder facer os cálculos de poboación temos que ter en conta outros dous termos:


CRECIMENTO NATURAL e CRECIMENTO REAL

Crecedemento natural: natalidade – mortalidade

Crecedemento real: crecedemento real + saldo migratorio (inmigrantes - emigrantes)

Ten en conta que cando calcules a densidade de poboación dunha determinada zona debes ter en conta estes datos para poder calcular o número de habitantes.

Imos pois á actividade 5 da páxina 69.



Lembra que para calcular a poboación, temos que calcular o crecedemento real e sumarllo á poboación inicial:

1º paso: calcular o crecedemento natural

Crecedemento natural = 100 nacementos – 18 defuncións = 82 habitantes

2º paso: calcular o saldo migratorio

Saldo migratorio = 300 inmigrantes – 12 emigrantes = 288 habitantes

3º paso: calcular o crecedemento real

Crecedemento real = 82 + 288 = 370 habitantes


4º paso: calcular o número real de habitantes

20.000 + 370 = 20.370 habitantes



Agora xa podemos calcular a densidade de poboación.

Densidade de poboación = 20.370 : 200 km² = 101,85 hab/Km²

Esta actividade xa a tiñamos iniciada, pero no caso e que non a rematases ou non a soubeses facer, trata de facela agora antes de que mañá continuemos cas revisións.



Entón, a parte de rematar esta actividade, fai a número 6 da páxina 59, na que precisas calcular a densidade de poboación nas dúas illas que che indican.



Observa que o cada puntinho de cor vermella significa que hai 100 habitantes. Polo que non esquezas contar ben os puntos.

Para a superficie conta ben as cuadrículas e aproxima o resultado.

1. Que poboación absoluta ten cada unha delas? Cal é a súa superficie?
2. Calcula, cos datos anteriores, a densidade de poboación de cada illa.
3. Coinciden a máis poboada e a de maior densidade?

Agora que xa fixemos un pequeno resumo dos termos destacados, recoméndoche que comeces a facer un esquema sobre todos estes termos. Non deixes que se acumule o traballo sobre esta parte e vai pouco a pouco.